# Memoria resumo modificacións do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte

Universidade de Vigo

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

## 1 Descrición Xeral (Breve resumo de tódolos cambios)

As modificacións aquí recollidas son consecuencia da adaptación da memoria vixente á Resolución 12774/2018, da Secretaría Xeral de Universidades, polo que se publica o Acordo do Consello de Universidades do 17 de setembro de 2018, polo que se establecen as recomendacións para a proposta polas universidades das memorias de verificación do título oficial de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Tendo en conta a citada resolución, as modificacións propostas afectan a tres aspectos concretos da memoria de verificación do título:

1. **Actualización das areas de competencia do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte recollidas:**

AC_1 Intervención educativa.
AC_2 Prevención, adaptación e mellora do rendemento físico-deportivo e da saúde mediante a condición física e o exercicio físico.
AC_3 Promoción de hábitos saudables e autónomos mediante actividade física e deporte.
AC_4 Intervención mediante as manifestacións do movemento humano.
AC_5 Planificación, avaliación e dirección-organización dos recursos e da actividade física e deporte.
AC_6 Método e evidencia científica na práctica.
AC_7 Desempeño, deontoloxía e exercicio profesional no contexto das intervencións.

2. **Actualización das competencias e resultados de aprendizaxe ás publicadas na citada resolución:**

As novas competencias do grao aprobadas polo Consello de Universidades poden consultarse no seguinte enlace:

https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2018-12774

3. **Axuste dos descritores de cada materia:**

Os novos descritores das materias aprobadas polo Consello de Universidades poden consultares no seguinte enlace:

https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2018-12774

4. **Planificación das ensinanzas:**

Tendo en conta a citada resolución do Consello de Universidades o título diminuirá o número de créditos obrigatorios pasando dos actuais 126 a 120 ECTS. Do mesmo xeito, diminuiranse os créditos das Prácticas Externas dos 18 actuais a os 12 ECTS propostos na citada resolución. En consecuencia, o número de créditos optativos ampliaranse dos 30 ECTS da memoria vixente a 42 ECTS. Con motivo da reorganización de créditos e as novas competencias, polo menos unha materia obrigatoria desaparecerá do itinerario e xeraranse dúas novas materias optativas.

5. **Transferencia e recoñecemento de créditos:**

Debido á reorganización de materias, será preciso revisar os recoñecementos de créditos establecidos.

## Referencias

Resolución 12774 de 2018 [Secretaría General de Universidades]. Por el cual se establecen las recomendaciones para la propuesta por las universidades de memorias de verificación del título ofical de Grado en Ciencias de la Actividad Física y del Deporte. 20 de septiembre de 2018.